



PROGRAMACIÓN DOCENTE DE REPERTORIO ORQUESTRAL III  
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA  
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: REPERTORIO ORQUESTRAL III										
ESPECIALIDADE	Interpretación					ITINERARIO			Arpa	
CARÁCTER	Materia obrigatoria					TIPO DE CLASE			Colectiva	
DEPARTAMENTO	Arpa					XEFE/A DE DPTO.			Bleuenn Le Fric	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Bleuenn Le Fric
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	1h
ECTS/CUAD.			2						Observacións:	Debido ao carácter progresivo da materia e tendo en conta as necesidades individualizadas dos alumnos e alumnas (físicas, técnicas e musicais) e a súa experiencia, o repertorio, exercicios e estudos a traballar cos contidos e competencias descritas, serán individualizados.
DOCENTES:	NOME E APELIDOS					EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA	
	Bleuenn Le Fric					bleuennlefric@hotmail.fr			Venres de 8h00 a 9h00	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Estudo e práctica da literatura orquestral propia do instrumento. Afondamento, de ser o caso, dos roles dentro da sección. Estratexias e recursos para o traballo orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Aqueles que están implícitos na proba de acceso, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Orquestra, Música de cámara
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X6, X8, X10, X11, X15
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 171/2016	



3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer, analizar e dominar técnica e estilisticamente o repertorio orquestral básico.	T1 T3, T6, T13, X3, X6, X8, X11, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
Aplicar os coñecementos históricos, formais e técnicos necesarios para unha interpretación de acordo co estilo da obra.	T1,T3, T6, T13, X3, X6, X8, X10, X11, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5
Coñecer e manexar de forma autónoma todos os recursos necesarios a unha preparación óptima do traballo orquestral	T1,T3, T6, T13, X3, X6, X8, X11, EI8, EI9, EI10
Coñecer a estrutura dunha proba de orquestra e incentivar a súa preparación.	T1, T3, T6, T13, X3, X6, X8, X11, EI9, EI10
Fomentar o interese do alumno polo repertorio sinfónico.	X11, X15

4. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1.Estudo de diferentes pasaxes do repertorio orquestral abarcando toda a variedade de estilos e de épocas.	1.1. Solos de arpa do repertorio sinfónico. 1.2. Solos de arpa do repertorio operístico e de ballet. 1.3. Solos de arpa do repertorio contemporáneo. 1.4. Estudo de papeis de arpa segunda, terceira, etc.	12
2.Audición e contextualización dos principais extractos da literatura orquestral para arpa.	2.1 Fonografía. 2.2 Asistencia a concertos. 2.3 Consulta en partituras xerais. 2.4 Lecturas relacionadas co periodo da historia da música correspondente a cada extracto.	12
3.Lectura a primeira vista de fragmentos da literatura orquestral de arpa.	3.1 Repentización de sinxelas partes de orquestra cunha curta preparación previa sen instrumento (para anotar os pedais e facer unha lectura mental do fragmento).	12
4.Simulacións de probas de orquestra realizadas na propia aula.	4.1 Posta en situación para simular o desenvolvemento de tódolos aspectos das probas de orquestra.	2
5. Repaso e reforzo do traballo feito ao longo do cuatrimestre	5.1 Sesións adicadas a reforzar a adquisición dos contidos traballados en clase.	2
TOTAL SESIÓNS:		16



5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Audición e contextualización dos principais extractos da literatura orquestral para arpa.	1	6	7
Práctica do repertorio orquestral de arpa.	8	26	34
Práctica da lectura a vista e da preparación de extractos sen o instrumento.	1	6	7
Escoita das grabacións realizadas do traballo en curso para que o alumnado poida avaliar o avance do seu traballo ao longo do cuadrimestre.. Comentarios da profesora e autocrítica do alumnado para fixar os seguintes obxetivos e pautas de traballo	2	6	8
Práctica de simulacións de probas de orquestra.	2		2
Repaso e reforzo do traballo feito ao longo do cuadrimestre	2		2
		TOTAL HORAS:	60



6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
<b>6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA</b>			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Para superar a materia, será necesario aprobar polo menos os tres primeiros apartados.			
Avaliación continua	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Presencia e actitude na clase.</li> <li>2. Evolución na autonomía no estudo.</li> <li>3. Progresión semanal axeitada ao longo do cuadrimestre.</li> <li>4. Curiosidade e interese por achegarse ao repertorio sinfónico.</li> <li>5. Realización das tarefas marcadas semanalmente pola profesora.</li> </ol>	TODAS	60%
Audición pública consistente na interpretación e contextualización oral de polo menos tres fragmentos orquestais estudiados en clase e lectura a vista dun fragmento descoñecido elexido pola profesora.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contextualización axeitada das obras e fragmentos propostos.</li> <li>2. Precisión na interpretación dos solos.</li> <li>3. Coherencia estilística na interpretación dos sólos.</li> <li>4. Profesionalidade no transcurso da audición.</li> </ol>	TODAS	25%
Simulacións públicas de proba de orquestra (mínimo, unha vez no semestre), cos extractos estudados neste semestre e polo menos un fragmento dos cuadrimestres anteriores.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Precisión na interpretación dos solos.</li> <li>2. Profesionalidade no transcurso da proba.</li> </ol>	TODAS	15%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Avaliación continua	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.Presencia e actitude na clase.</li> <li>2.Evolución na autonomía no estudo.</li> <li>3.Progresión semanal axeitada ao longo do cuadrimestre.</li> <li>4.Curiosidade e interese por achegarse ao repertorio sinfónico</li> <li>5.Realización das tarefas marcadas semanalmente pola profesora.</li> </ol>	TODAS	60%
Audición pública consistente na interpretación e contextualización oral de polo menos tres fragmentos orquestais estudiados en clase e lectura a vista dun fragmento descoñecido elexido pola profesora.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Contextualización axeitada das obras e fragmentos propostos.</li> <li>2. Precisión na interpretación dos solos.</li> <li>3. Coherencia estilística na interpretación dos sólos.</li> <li>4. Profesionalidade no transcurso da audición.</li> </ol>	TODAS	25%
Simulacións públicas de proba de orquestra (mínimo, unha vez no semestre), cos extractos estudados neste semestre e polo menos un fragmento dos cuadrimestres anteriores.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.Precisión na interpretación dos solos.</li> <li>2.Profesionalidade no transcurso da proba.</li> </ol>	TODAS	15%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*PERDA AVALIACIÓN CONTINUA)			
*(Alumnos que superen as 3 faltas por cuadrimestre, establecidas no centro, aprobadas en consello escolar)			



<p>Interpretación e contextualización de 5 fragmentos orquestrais de arpa a eleixir nunha lista elaborada pola profesora de 8 fragmentos.</p> <p>-Lectura a vista dun fragmento</p>	<p>1.Contextualización axeitada do fragmento proposto. 2.Respeto do texto 3.Limpeza no uso dos pedais 4.Coherencia na elección dos tempi e na flexibilidade rítmica que mostren o dominio da textura orquestral. 5.Corrección rítmica, armónica e estilística na lectura a vista.</p>	<p>TODAS</p>	<p>100%</p>
<p><b>6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA</b></p>			
<p>-Interpretación e contextualización de 5 fragmentos orquestrais de arpa a eleixir nunha lista elaborada pola profesora de 8 fragmentos.</p> <p>-Lectura a vista dun fragmento</p>	<p>1.Contextualización axeitada do fragmento proposto. 2.Respeto do texto 3. Limpeza no uso dos pedais 4.Coherencia na elección dos tempi e na flexibilidade rítmica que mostren o dominio da textura orquestral. 5.Corrección rítmica, armónica e estilística na lectura a vista.</p>	<p>TODAS</p>	<p>100%</p>



### 7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
<p>Deberanse cumprir as disposicións vixentes no marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Asimesmo terase en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p>	<p>Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.</p>

### 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

Obras de referencia	KONNHAUSER, R. / STORCK, H. <i>Orchester- Probespiel (Harfe)</i> . Schott Music Distribution.
Webs	<a href="http://www.spotify.com">www.spotify.com</a> <a href="http://www.youtube.com">www.youtube.com</a> <a href="http://www.musicalchairs.com">www.musicalchairs.com</a> <a href="http://www.imslp.com">www.imslp.com</a> <a href="http://www.muvac.com">www.muvac.com</a>
Repertorio orientativo	<p>TCHAIKOVSKY El lago de los cisnes – Cascanueces – La bella Durmiente</p> <p>DONIZETTI Lucía di Lamermoor  MASCAGNI Cavalliera Rusticana  STRAUSS Salomé  WAGNER Liebestod – Feuerzauber - Tannhaüser  VERDI Un ballo in maschera – La forza del destino</p> <p>BARTOK Concerto para orquesta  BERLIOZ Sinfonía Fantástica  BRITTEN The young person’s guide to the orchestra  DEBUSSY La Mer  FRANCK Sinfonía en Re m.  RAVEL Tzigane – Alborada del gracioso – Concerto para piano en Sol M  SMETANA Má Vlast  STRAUSS Heldenleben – Tod und Verklärung – Don Juan  STRAVINSKY Sinfonía en tres movimientos</p>



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



C S M  
CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DA CORUÑA